

Xosé Cabido Pérez, Xefe de estudos do IES Plurilingüe Fontexería de Muros en A Coruña en nome do alumnado do IES Plurilingüe FONTEXERÍA de Muros (A Coruña) da materia de Psicoloxía,

EXPÓN: o escrito feito chegar á Xefatura de Estudos polo alumnado da materia que asina na folla adxunta:

No DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia inclúe o seguinte estándar de aprendizaxe: **B27 “Bases xenéticas da diferencia entre a conduta feminina e masculina”.**

O desenvolvemento do estándar B27 permite ao profesorado xustificar a subordinación da muller apelando a bases xenéticas, podendo impartir unha clase baseada nunha ética patriarcal: presentado como natural, no sentido biolóxico, o comportamento adquirido a través da cultura, e xa que logo, a inferioridade das mulleres na sociedade. Así, dende as aulas estase a leximir posicíons contrarias á igualdade de xénero co ampara lexislativo do citado estándar B27 da materia de Psicoloxía de 2º BAC. Esta situación é especialmente grave debido a que se empregan argumentos misóxenos presentados como científicos e dende a posición de autoridade docente, -incorrendo na falacia naturalista de que a natureza é a fonte do comportamento humano-.

Consecuentemente, cómpre analizar detidamente o significado implícito na propia redacción do estándar B27 xa que entendemos que a interpretación do mesmo que temos recibido no noso centro ,axústase o espírito co que foi redactado o propio artigo, constituindo isto un exemplo máis de como o pensamento patriarcal permea todos os ámbitos do saber e da vida humana.

Polo anteriormente exposto,



SOLICITAMOS:

A ELIMINACIÓN DO ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE B27 DA MATERIA DE PSICOLOXÍA DE 2º DE BACHARELATO.



Muros a 10 de 06.-2019

Asdo: *XOSÉ CABIDO PÉREZ*

Á/A: Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa